

Expediente	EXPTES.- 2024028366 - 2024006887
Asunto	EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2023.
Trámite	Certificación de informe emitido pola Comisión Especial de Contas e de non presentación de alegacións

Carlos Cuadrado Romay, secretario da Deputación Provincial de Pontevedra,
CERTIFICO:

PRIMEIRO.-

Que a Comisión Especial de Contas, na súa sesión ordinaria do 24 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

ASUNTO:

INFORME SOBRE A CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2023. (EXPTES.- 2024028366 - 2024006887)

Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2023, reúnense ós Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra, correspondente ó exercicio de 2023, nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

O Presidente da Comisión toma a palabra para indicar ós Sres./as. Deputados e Deputadas que o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2023 foi posta a disposición das persoas integrantes da Comisión nos prazos regulamentarios de acordo coa lexislación vixente para o seu exame e consulta.

O Presidente pregunta ós Sres./as. Deputados e Deputadas si teñen algunha cuestión ou consulta sobre o informe da Conta Xeral, non producíndose ningunha intervención.

Sometido a votación o informe da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2023, obtívose o seguinte resultado:

1. Votos a favor: nove (9), do grupo provincial do Partido Popular (PP)



2. Votos en contra: ningún (0)

3. Abstencións: oito (8), sendo seis (6) do grupo provincial do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE), e dous (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, cos votos a favor dos Sres./as. Deputados e Deputadas do Grupo provincial do PP, e abstencións dos grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ACORDA:

1. Emitir informe favorable sobre a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2023, que inclúe a conta da propia Deputación, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada, nos termos e coa documentación que consta nos expedientes CIVIDAS números 2024028366-2024006887.
2. Expoñer ó público a documentación que figura no expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2023 durante un período de quince días, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (modificado pola D.F. 19ª da Lei 11/2020 de 30 de decembro de Presupuestos Generales del Estado para o ano 2021), durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, entendéndose este informe favorable da Comisión de Contas como definitivo si no citado prazo de exposición pública non se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación.

SEGUNDO.-

Que constan no expediente copia do anuncio de exposición pública da Conta Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio de 2023, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 102 de data 27 de maio de 2024 e informe de publicación da documentación do expediente na web institucional desde o 27 de maio ata o 17 de xuño de 2024.

TERCEIRO.-



Que consta no expediente informe do Xefe de Negociado do Rexistro de non presentación de alegacións durante o período de exposición pública da Conta Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio de 2023, por un prazo de quince días hábiles, que comprende desde os días 28 de maio ao 17 de xuño de 2024 (ambos inclusive).

E para que conste, a efectos de unión ao expediente da súa razón esténdese a presente, de orde e co visto e prace do Deputado Delegado da área de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias.

(Delegación efectuada por R.P. nº 2024003709 de data 6-05-2024)

Sinaturas dixitais.

Firmado por: MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO - ***0767**
Cargo: Deputado delegado
Data: 21/06/2024 11:58

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 20/06/2024 13:06

